

BUSCAMOS, INVESTIGAMOS, DIALOGAMOS NA BIBLIOTECA, SEGUINDO AS INSTRUCIÓNS QUE VEÑEN A CONTINUACIÓN

1º PASO :

Leer con atención as instruccións que se indican a continuación

2º PASO :

Ler a folla onde está o traballo de investigación

3º PASO :

Repartir de común acordo entre os integrantes do grupo as tarefas

4º PASO :

***Ir as fontes documentais – as enciclopedias e dicionarios que se citan- para atopar información
Apuntar cada grupo no caderno as conclusións***

5º PASO :

Posta en común das informacións atopadas e revisión das respostas. Completar ou reducir en caso necesario

6º PASO :

***Decisión do grupo de como expoñer oralmente os datos obtidos
Organización da exposición e avaliación da actividade***

...E, AO FINAL, FIXEMOS AS SEGUINTES VALORACIÓN

O alumnado de primeiro da ESO levou a cabo un traballo de investigación na biblioteca correspondente á materia de Lingua Galega. Dividíronse en catro grupos que chegaron ás seguintes conclusións:

As historias da biblioteca

O venres, día 13, fixemos unha actividade de investigación en grupo na biblioteca. Cada un elixiu a parte que lle apetecía facer para ter todos un traballo semellante. Ao principio pelexamos polos exercicios, pero axiña o solucionamos e traballamos todos ben e rápido axudándonos cando o necesitabamos.

Noemí descubriu a historia do Conde Gondomar, Laura o significado de dúas frases novas, Adrián sorprendéunos co significado da figura do Sacaúntos e Nathalia desvelou a importancia dos irmáns Grimm e das meigas na nosa cultura.

Para isto utilizamos o Dicionario dos nomes galegos, a Enciclopedia Básica Galega, o Dicionario fraseolóxico e o Dicionario dos seres míticos.

Pasámolo moi ben traballando en grupo mentres aprendiamos cousas novas. Gustaríanos repetir a experiencia.

Venres 13

O venres pasado fomos á biblioteca realizar unha investigación en equipo seguindo unhas follas que nos repartiu a profesora.

Ao principio sorteamos os exercicios e aquí perdemos moito tempo, polo que non quedamos contentos. En cambio si nos gustou ver como aprendiamos a traballar en grupo, a buscar información nas enciclopedias e descubrimos moitas cousas novas que non coñeciamos como que O Correo Galego (diario totalmente en galego) naceu o 6 de Xaneiro de 1994.

Tivemos que buscar a información no Dicionario dos nomes galegos, na Gran Enciclopedia Galega, na Enciclopedia Básica Galega, no Dicionario fraseolóxico e no Dicionario dos seres míticos.

Pasámolo moi ben e gustaríamos repetir

*Dana Bao, Rubén Martínez, Alejandro Bermúdez,
David Busto e Juan Marcos, Viñas*

O traballo en equipo!

O venres 13 fomos á biblioteca buscar información seguindo un modelo que nos pasou a profesora. Debemos destacar dous aspectos:

Positivo: Coa experiencia aprendemos a traballar e organizarnos en grupo.

Negativo: Tivemos discusións sobre os libros porque non había suficiente número para todos.

Aprendemos o significado de expresións como Ter cara de fereiro ou Ser forte coma un Carballo e a buscar información sobre o rei Don García, Breogán e sobre os nomes Uxío, Helena e Aleixo.

A información sacámola de: Diccionario fraseolóxico, Gran Enciclopedia Galega, Diccionario dos seres míticos, etc

Arlette Tahoua, Fernando Costa, Alexander Gudou e Tania Villamor de 1º A

Surcando palabras

O venres,13, realizamos unha actividade consistente en buscar información en enciclopedias. Foinos fácil distribuír o traballo entre os catro integrantes do grupo.

Xa estabamos acostumbrados a traballar en grupo, polo que nos resultou doado. O malo foi que os demais grupos tardaban moito en acabar as consultas nos libros e iso impediunos rematar a tempo.

Descubrimos o que é unha panxolña ou a vida de Don García; as orixes e correspondencias noutros idiomas dos nomes Aleixo, Uxío e Helena e coñecemos o significado de varias expresións populares galegas.

Iso buscámolo en: Diccionario dos nomes galegos, Diccionario fraseolóxico, Gran Enciclopedia Galega, Diccionario dos seres míticos e Enciclopedia Básica Galega

Alessia Mato Saccomanno, Ana Vázquez Ucha, Alvaro Noal Mariño e Mónica Quintiana Millán